Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Cálculo
  - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.
  - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
  - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.
  - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
  - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
  - Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
  - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
  - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
  - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
  - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
  - Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.
  - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
  - Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada.
  - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
  - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10<sup>º</sup>) como solución de problemas de situacións cotiás.
  - Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
- Educación financeira
  - Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
  - Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
  - Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.

## Contidos

- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladros, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e compleción de figuras simétricas.
- Localización e sistemas de representación
- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.
- Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a

## Contidos

- realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Debemos comezar indicando a metodoloxía de traballo no centro, baseado nun proxecto de investigación no que se mergullan as aulas multigrado do centro durante todo o curso. Deste xeito, as diferentes unidades e a súa metodoloxía ten un mesmo punto de partida, que este ano se concreta na 'O sexto sentido: O humor'.

Ademais, as aulas están organizadas en grupos cun carácter mixto, heteroxéneo e diverso, propio de aulas nas que conviven alumnado de diferentes idades e con características individuais. Deste xeito, queremos facer fincapé no comezo do TRABALLO COLABORATIVO, no que cada un e cada unha dos e das compñoemntes do grupo ten un rol diferente (vogal, secretario, controlador e portavoz). A partires de aquí organízanse as diferentes propostas da aula.

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas, como complexa é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber: o mercado, os experimentos, as festas, a arte, os deportes e as viaxes permiten unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúe significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas.

O enfoque globalizador e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así axudámoslle a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Van aparecer momentos de bloqueo e estrés, sabémolo; buscamos xustamente que o noso alumnado aprenda a manexalos e manteña unha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumpre. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei ?, que hipótese fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería telo resolto doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e

autocontrol emocional que non podemos esquecer.

O profesorado vai ser mediador e guía e permitirlle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. A situacións propostas a exploración e o xogo que espertan sempre o interese do alumnado.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos )

Os grupos de traballo en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. Non podemos esquecer a figura da ATE, fundamental neste centro para atender as necesidades.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio...), balanzas, regletas, láminas de apoio visual, libros de consulta; Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...;Material manipulativo non convencional:tapóns, pedras, paos, follas...;Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...;

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, materiais de realidade virtual...

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros

dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula Polos creativos, aula multisensorial, aula de música, horto ecolóxico e aula de plástica.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades que nos permita observar as seguintes habilidades:

- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as cualidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).

- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).

- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).

- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.

- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).

- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.

- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.

- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.

- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.

- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	20	25	25	25	25	<b>25</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	80	75	75	75	75	<b>75</b>

### **Criterios de cualificación:**

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 25%. Táboa de indicadores 75%

UNIDADE 2: Probas escritas: 25%. Táboa de indicadores 75%

UNIDADE 3: Probas escritas: 25%. Táboa de indicadores 75%

UNIDADE 4: Probas escritas: 25%. Táboa de indicadores 75%

UNIDADE 5: Probas escritas: 25%. Táboa de indicadores 75%

UNIDADE 6: Probas escritas: 25%. Táboa de indicadores 75%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## 6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o plan específico de recuperación para aquel alumnado que non promocionou.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través do emprego de apoios visuais, alfabeto datilolóxico, historiais sociais...
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser os materiais aportados por fundacións como a ONCE ou asociacións como Discamiño.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: CPIInnova ou CPInclúe, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento	X		X	X		X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X	X	X	
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X			X	X	

### Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado	Coincidindo coa unidade realizaremos unha saída ao mercado (ou supermercado) da vila.	X		
Mes da ciencia	Novembro é o mes da ciencia e, coincidindo coa nosa unidade " Os experimentos" faremos unha saída didáctica para coñecer un museo científico.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Receitas de Entroido	Como actividade complementaria desta unidade propónse facer unha degustación no colexio de distintas receitas do Entroido. A este ciclo correspóndelle elaborar doces, e, neste nivel en concreto, orellas.	X		
Rueiro pola vila e visita a un museo	Nesta unidade sairemos da aula para buscar arte e matemáticas na nosa contorna e visita a un museo.		X	
Olimpiadas escolares	No ecuador do terceiro trimestre, e coincidindo que todo o centro está a traballar esta unidade, realizarase a Olimpiada Escolar, na que todas as alumnas e todos os alumnos participarán nas distintas probas atléticas formuladas.			X
Excursión de fin de curso	Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo.			X

#### Observacións:

Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.-

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Porcentaxe de alumnado que acadou unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de matemáticas e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de alumnado que estea repetindo curso e que este curso acadou unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Número de instrumentos de avaliación empregados. Indicador de logro: polo menos emprega 5.
- Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Instrumentos de avaliación: polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.
Metodoloxía empregada
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Eficacia e efectividade dos recursos humanos e materiais empregados nas medidas de atención á diversidade. Indicador de logro: 80% de eficacia (mellora nos resultados académicos do alumnado afectado).

#### Clima de traballo na aula

- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1ª avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2ª avaliación e 70% para a 3ª avaliación.

#### **Descrición:**

Avaliaremos trimestralmente en relación aos indicadores de logro fixados. No caso de non acadar o indicador de logro proposto, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadalas na seguinte avaliación parcial ou, se estamos na última avaliación, para incluír na programación do vindeiro curso.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004460	CEIP de Ardán	Marín	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) de 2º de EP do presente curso 2023-2024 da materia de música que imos desenvolver a continuación está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Este documento pretende guiar e facilitar o proceso educativo durante o presente curso escolar, intentando reflectir, da maneira máis concisa posible, a realidade da escola.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organízase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

É importante anotar que todos os grupos clase da escola son mixtos, porén na clase de 2º de EP tamén está o alumnado de 1º de EP.

O centro está situado na Comarca do Morrazo, dentro do Concello de Marín, nun contorno rural de costa, con poboación cun predominio de actividades relacionadas co mar, pero tamén cun compoñente apreciable doutras actividades. (Máis datos sobre o contorno no PEC). Neste curso, o proxecto de investigación que se dinamiza dende a biblioteca Illa de Borli para levar a cabo por todos os cursos e materias é "O sexto sentido o humor". Nas clases das distintas áreas enfocaremos algunhas das aprendizaxes e contidos con dito proxecto, deixando unha parte da programación aberta á propia iniciativa do noso alumnado e aos novos camiños que nos poida levar a propia investigación. Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 2º nivel remata tamén o 1º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Nese senso, un dos obxectivos chave será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

Por último, tendo en conta o difícil contexto COVID, e en coordinación co Departamento de Orientación (DO) deste centro no seu Plan de Benestar Emocional esta PD pretende, ademais, facilitar ao alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
O BX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Emociónate coa música	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 1º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, desenvolver a recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da música e da danza a través das diversas emocións como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	O humor musical	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través de audicións,	21	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O humor musical	instrumentos e danzas introduciremos o humor na música como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	Cinco sentidos máis un.	Afianzaremos os contidos das anteriores unidades a través do fío condutor do PDI de centro. Ademais faremos especial relevancia as Letras Galegas e ao Día da música. Tamén atenderemos a primavera e o verán, especialmente nas audicións e danzas.	24	5			X
4	A alegría de bailar!	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurarase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Emociónate coa música	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Identifica, e representa con grafía non convencional, negra/ silencio de negra; son rápido/curto e forte / piano.</li> <li>-Acompaña e identifica con instrumentos de pequena percusión con fórmulas rítmicas básicas cancións.</li> <li>-Le e crea pequenos esquemas rítmico con brancas, negras e silencio de negra.</li> </ul>	PE	13



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	-Participa en pequenas coreografías ou danzas sinxelas en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. -Interpreta en grupo un pequeno repertorio de cancións e ritmos de festividades tradicionais galegas: Samaín, o Magosto e o Nadal. -Coñecen a parodia e imitación de Rossini " Dúo de gatos".		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	-Participa adecuadamente cos/as compañeiros/as amosando interese e respectando as normas e intervencións das demais. -Respecta os tempos de silencio para a escoita das audicións. -Utiliza de forma adecuada aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	-Reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos. -Realiza pequenas improvisacións melódicas coas figuras: branca, negra, silencio de negra e dobre corchea en 2/4. -Coordina as extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música e nas audicións.	TI	87
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	-Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 4 pulsos. -Interpreta en grupo un repertorio de cancións sinxelas. -Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. -Fai de xeito consciente o proceso da respiración, visualiza un globo que son os pulmóns.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Manifesta respecto na realización de actividades musicais -Respecta os tempos e quendas unha na realización de xogos musicais. -Mostra unha actitude positiva e empática nas propostas das súas compañeiras ou compañeiros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	-Descobre propostas artísticas do baile e a danza tradicional e popular galega e dos diferentes continentes. -Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus traballos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	-Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas. -Coñece e respecta as normas de comportamento básicas nas saídas educativas .		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita, en espello, os movementos corporais da persoa docente. - Representa e expresa corporalmente aspectos dunha audición e os sentimentos que suscitou. -Crea instrumentos de materiais de refugallo coma maracas con varias sonoridades. -Crear efectos sonoros para un conto musical.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. -Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> </ul>

## Contidos

- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

.Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

.Patéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

.Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación con titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa:

¿ Ao número de alumnos e alumnas.

¿ Ao funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

¿ Ás fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

¿ Ás necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

¿ Ás fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

¿ Aos desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

¿ Aos aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

¿ Aos tipos de recursos que se precisan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

¿ Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

¿ Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

¿ Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van

empregar.

¿ Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

¿ Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

¿ Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Atención a alumnos con necesidades educativas específicas

Para atender á diversidade tense en conta: os procesos de socialización, problemas de convivencia, traballo coordinado co profesorado, currículo comprensivo e globalizador, formación en valores, detención de particularidades do alumno, ritmos de aprendizaxe, integración de alumnos como NEE- discapacitados, superdotados e inmigrantes-, organización flexible de tempos e horarios, sistema de revisión e reforza educativo, prevención de fracaso escolar, diversas metodoloxías, diversidade de materiais e recursos, medios humanos para prevención de deficiencias, avaliación e control de procesos de aprendizaxe, formación permanente do profesorado, relación coa familia. Propóñense actividades de reforzo e de ampliación. As diferenzas de capacidade para aprender, as motivacións, os estilos de aprendizaxe, os mecanismos e metodoloxías xunto ás actividades e agrupamentos poden motivar as adaptacións curriculares

MEDIDAS ORDINARIAS

Materiais e recursos didácticos

Grupos reforzos adaptacións metodolóxicas

Programas específicos

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer!	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

\* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.

\* Igualdade entre mulleres e homes.

\* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

\* Competencia dixital

\* O fomento da creatividade e a formación estética, no alumnado

\* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental

\* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio

\* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.

\* Expresión oral e escrita, positivas

\* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento social e empresarial

\* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible

\* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual

\* Educación emocional e en valores

\* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar (Samaín, Magosto ou San Martiño, Igualdade de xénero e Bo Trato, Día da Paz...)	X	X	
Belen móbil	Material non decidido polo momento: Será material reciclado	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas felices na biblioteca	faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos bíblicos		X	X

#### Observacións:

Coa realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento de elementos transversais.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar unha autonomía ampla e promover interese pola cultura e os servizos, no alumnado
- Complementar o currículo das diferentes áreas non curriculares, contribuíndo no seu desenvolvemento integral con actividades lúdicas.

Actividade e descrición. Algunhas propostas a modo de exemplo:

- Conmemoracións: Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar que se celebren no centro (Samaín, Magosto ou San Martiño, Igualdade de xénero e Bo Trato, Día da Paz...)

- Panxoliña con ás, na visita a un centro de día da contorna.

Unha panxoliña para achegar aos maiores do Centro de día de O Rosal. As ás desta panxoliña achegarannos co alumnado de 2º E.P para aledar os corazóns dos maiores, a través dun proxecto de "voluntariado miúdo"

- Belén móbil

Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao centro de día.

- Proxecto Redeiras "La aventura de vivir"

Correspondencia cunha mestra de relixión de fóra da provincia. Intercambio de correspondencia tanto empregando o correo ordinario coma o electrónico co alumnado co que facemos o intercambio no proxecto intercentros.

- Lecturas felices no patio

Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos bíblicos, a principios e a finais do curso

- Carreira solidaria

En prol dunha asociación benéfica da contorna coma SOS Tomiño ou Conrazones

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
DO ALUMNADO
O alumno/a participa activamente de todo o proceso
O alumnado traballa en equipo cos seus compañeiros/as
Idineidade das actividades propostas no proceso de E-A
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a
Incorporación axeitada das Novas Tecnoloxías no proceso de E-A.
A atención é personalizada, e axeita á diversidade do alumnado
Os procedementos e instrumentos de avaliación, son axeitados

DE MIN MESMO/A COMO MES>TRE/A
Traballo en equipo con outros compañeiros/as do Claustro.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro
Consigo que o alumnado se implique e traballe ben en equipo
Tento facer as clases amenas e motivadoras
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos, sobre os conceptos
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros e compañeiras
Emprego ferramentas TIC como elemento motivador e para afianzar coñecementos
Utilizo medidas de atención á diversidade
Implico as familias en todo o proceso
Avalío constantemente a miña propia práctica docente

### Descrición:

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que ‘‘o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes’’ polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

\*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en,

•Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

•Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
- Traballo cooperativo
- Manualidades, pasatempos
- Xogos de mesa, de creatividade,
- Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

\*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

### ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI	CASE SEMPRE	CASE NUNCA	NON	PROPOSTAS DE MELLORA
----	-------------	------------	-----	----------------------

\* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

\* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

\* Regulación da práctica docente

-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.



- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

\* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

\* Aos alumnos.

\* Ás familias.

\* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados

### 1. Nada que indicar

-

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## RELIXIÓN EVANXÉLICA 2º E.P.

**Curso: 2023/2024**

**CEIP ARDÁN**

**CÓDIGO DO CENTRO: 36004460**

<b>Enderezo</b>		<b>C.P.</b>
C/Ardán		36.912
<b>Localidade</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>
Marín	Marín	Pontevedra
<b>Tlf.</b>	<b>Fax</b>	<b>Correo electrónico</b>
886151331		<a href="mailto:ceip.ardan@edu.xunta.gal">ceip.ardan@edu.xunta.gal</a>
<b>Páxina web</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan</a>	

**ALEXANDRA CARREGAL LÓPEZ**

# Índice

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.....	4
3. Unidades didácticas:.....	6
3.1. Relación de unidades didácticas e temporalización.....	6
3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas e instrumentos de avaliación.....	7
4. Metodoloxía:.....	11
4.1. Concrecións metodolóxicas.....	11
4.2. Materiais e recursos didácticos.....	11
5. Avaliación:.....	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial.....	12
5.2. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación.....	12
6. Medidas de atención á diversidade.....	12
7. Transversal:.....	13
7.1. Concreción dos elementos transversais.....	13
7.2. Actividades complementarias.....	13
8. Práctica docente:.....	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.....	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.....	14

## 1. Introducción.

A área de Ensinanza Relixiosa Evanxélica ten como obxectivo facilitar aos alumnos e alumnas a comprensión de principios bíblicos que lles axuden no seu desenvolvemento integral como persoas autónomas que convivan en situacións de coexistencia relixiosa e cultural e participen activa e responsablemente na sociedade da que forman parte.

O tratarse dunha área que pode ser elixida libremente ó comezo de calquera dos anos académicos, articularase en cada curso arredor duns centros de interese que garanticen o desenrolo dos aspectos fundamentais do currículo desta ensinanza:

- A Biblia, a Palabra de Deus.
- O mundo que Deus creou.
- Xesús, único mediador e exemplo a seguir.
- O amor de Deus.
- A familia.
- A Igrexa, o Pobo de Deus.

Desta forma o plantexamento básico desta materia consiste en orientar aos alumnos a partir do coñecemento e análise das ensinanzas da Biblia, na búsqueda de respostas válidas ás inquietudes que se lle plantexan nas diversas áreas de súa existencia.

O mestre aporta aos alumnos e alumnas os recursos, medios e guía necesarios para que sexan capaces por sí mesmos de elaborar as súas propias interpretacións e conclusións personais a partir das situacións plantexadas.

Considérase importante que o descuberto ó longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe sexa comunicado polo alumno para poder ser asimilado e integrado como fase final dun auténtico aprendizaxe significativo.

O feito en sí de que o alumno teña que elaborar a súa elección personal, en conciencia e libremente, dende os presupostos expresados nos contidos, conleva a estimulación de tódalas capacidades que se pretenden desenrolar nesta etapa.

Por outra parte, a inserción creativa nos grupos de pertenza que pretende toda ensinanza evanxélica propicia as relacións personais e fomenta a tolerancia e o sentido crítico. Isto vai posibilitar que o alumno coñeza e interprete a realidade de xeito que poda intervir nela de forma responsable, creativa e constructiva.

Para a elaboración desta programación tense en conta o currículo vixente e o borrador do novo currículo de ensinanza relixiosa evanxélica adaptado a LOMLOE.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

Obxectivos da área	Competencias Clave (descriptores operativos)							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Apreciar a Biblia como o libro por medio do que Deus revela ao ser humano a súa vontade e propósitos para a humanidade; descubrindo que a Biblia é a Palabra de Deus, foi inspirada por Él, e que a través dos tempos foi escrita en diferentes materiais e por homes diferentes. En todo este tempo, Deus encargouse de coidala e protexela para que chegue hasta os nosos días, para que as persoas poidan relacionarse co Señor, mellorar as relacións interpersonais e madurar persoalmente.	1 2 5	1	4	1 (3)	1 3 4 5	(1)	3	1 3 (4)
OBX2 - Coñecer e valorar o seu corpo, creado por Deus, adoptando unha actitude responsable cara a sí mesmo, sabendo usalo como instrumento de comunicación e relación axeitado cos demais seres humanos. Respectando e valorando o entorno natural como creación e manifestación do poder e o amor de Deus.	2 4 5	3	2 (3) 5	(2) 3 (5)	(1) 2 3	1 2 (3) 4	1 (3)	3
OBX3 - Coñecer a persoa de Xesucristo, a súa vida, a súa obra e a súa mensaxe de salvación, apreciando o significado espiritual dos eventos relacionados co nacemento, morte, resurrección, ascensión e inminente vinda do Noso Señor Xesucristo.	1 (2) 4	3	(3)	2 3	(1) 3 (5)	1 2 3	(2) 3	1 2 4
OBX4 - Tomar conciencia da existencia de Deus, o Ser Supremo, que está interesado en cada ser humano dunha forma persoal, expresando a súa relación con Deus e o seu coñecemento bíblico en situacións habituais do seu entorno.	1 2 3	3	4	1 3 (4)	1 (2) 3 4 5	2 4	(1) 3	1 (2) 3

Obxectivos da área	Competencias Clave (descriptores operativos)							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Identificar as orixes da liberdade e dignidade de tódalas persoas nas relacións cos seus semellantes como seres creados igualmente por Deus. Valorando a familia como mostra do amor de Deus, lugar onde desenvolver as súas responsabilidades e a adquisición das primeiras crenzas, examinando diversas familias da Biblia.	1 2 3 4	3	1 4 (5)	1 3	1 2 4	1 2 3	(1) 3	1 3 4
OBX6 – Valorar a vivencia das primeiras comunidades cristiás como modelo de expresión do amor fraterno e a convivencia da familia da fe, analizando as actitudes e valores das personaxes bíblicas empregando a información transmitida pola Biblia para iniciar a formación do seu propio sistema de valores.	1 5	3	3 4	1	3	1 3 4	1	3

Lenda:

- CCL: Competencia en comunicación lingüística.
- CP: Competencia plurilingüe.
- STEM: Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- CD: Competencia dixital.
- CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- CC: Competencia cidadá.
- CE: Competencia emprendedora.
- CCEC: Competencia en conciencia e expresións culturais.
- (): Os valores que están entre paréntesis non aparecen no novo borrador, pero sí no currículo aínda vixente.

### 3. Unidades didácticas:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas e temporalización.

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1ºT.	2ºT.	3ºT.
1	Brilla!	O obxectivo de esta unidade é comezar o curso motivándonos a brillar e a dar o mellor de nós poñendo en práctica as ensinanzas dos evanxeos.	12,5	4	X		
2	A miña pequena Biblia	A través desta unidade coñeceremos a importancia que ten para os cristiáns a persoa de Xesús, a súa vida, obra e mensaxe de salvación, e as implicacións que estes feitos teñen para as nosas vidas.	50	16	X	X	
3	Amigos de Xesús!	O obxectivo desta unidade é apreciar a igrexa como a familia de Deus e aprender a desenvolver responsabilidades e manifestar actitudes cristiás nas relacións cos seus semellantes respectando a liberdade e dignidade de todas as persoas como seres creados igualmente por Deus.	25	8			X
4	O valor de perdoar	Con esta unidade coñeceremos a vida de Xosé e analizaremos as súas actitudes para comezar a formación do noso propio sistema de valores seguindo este modelo de expresión de amor fraterno.	12,5	5			X

### 3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas e instrumentos de avaliación.

#### Relixión evanxélica (2º E.P.)

##### Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
1	Brilla!	4

##### Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
5.2. Dialogar sobre como actuar para seguir o exemplo de Xesús no seu trato coas persoas, amosando respecto e coidado aos demais coa interacción cotiá e os xogos.	Táboa de indicadores	Identifica accións que reflicten o significado de ser luz.	50
4.2. Descubrir que cada persoa neste mundo ten cualidades distintas e entre todos podemos axudarnos e completarnos, amosando o sentido do amor ao próximo.	Táboa de indicadores	Dialoga sobre o mandamento do Amor e discrimina accións nas que se amosa o amor ao próximo de outras nas que non se respecta aos demais.	50

Contidos
Todas as persoas son importantes para Deus e El ten un plan para cada unha delas.
Amar a Deus significa amar ás persoas.
A obediencia ás regras como vontade de Deus.
Xesús ensíneme a axudar aos demais como El fixo, amosando respecto, xenerosidade, bondade,...
O Mandamento do Amor.
Ser luz.



## Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
2	A miña pequena Biblia!	16

## Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
1.2. Coñecer a estrutura da Biblia e como se busca unha pasaxe, identificando a Xesucristo como o tema principal da Biblia.	Táboa de indicadores	Expresa por diferentes medios o contido dos textos bíblicos que amosan as milagres realizadas por Xesús, apreciando o seu poder e o seu amor cara aos demais.	25
2.2. Recoñecer a Deus como Creador, identificando trazos do seu carácter, o seu propósito eterno e plan de redención para a humanidade.	Táboa de indicadores	Comprende que Xesús é o instrumento que Deus utiliza para traer a salvación e expresa as observacións realizadas acerca do amor de Deus cara ao ser humano.	25
3.2. Identificar e ordenar temporalmente os principais feitos da vida de Xesús, escoitando e lendo pasaxes dos Evanxeos.	Táboa de indicadores	Recoñece o valor da Biblia como revelación do plan de Deus amosando respecto pola Palabra de Deus, lendo a Biblia e analizando textos bíblicos que presentan ás Escrituras como medio polo cal Deus se revelou ao ser humano e deu a coñecer os seus propósitos para a humanidade.	25
4.2. Descubrir que cada persoa neste mundo ten calidades distintas e entre todos podemos axudarnos e completarnos, demostrando o sentido do amor ao próximo.	Táboa de indicadores	Expresa como pode seguir o exemplo de Xesús para axudar aos demais.	25

Contidos
Coñezo a Palabra de Deus.
Estrutura da Biblia: os libros, capítulos e versículos. Antigo e Novo Testamento.
Xesucristo, Fillo de Deus, o tema principal da Biblia.
O valor da persoa como ser creado a imaxe e semellanza de Dios.
Deus ámame e regálame a vida e temos que protexela.
Feitos e personaxes do Novo Testamento que falan do plan salvador de Dios.
Xesús, o noso exemplo na vida cristiá, axudándonos a tomar boas decisións.
Nacemento de Xesús, o verdadeiro motivo do Nadal.
Xesús ámame tanto que deu a súa vida por min, resucita e trae a salvación.
Milagres de Xesús.
Xesucristo tratou con persoas marxinadas como mostra do seu amor.
Amar a Deus implica amar ás persoas.
Confianza no poder de Deus.

## Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
3	Amigos de Xesús!	8

## Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
3.2. Identificar e ordenar temporalmente os principais feitos da vida de Xesús, escoitando e lendo pasaxes dos Evanxeos.	Táboa de indicadores	Discrimina actitudes e valores que se desprenden dos textos bíblicos propostos, argumentando a súa posición persoal respecto dos comportamentos, valores e actitudes manifestados polos distintos personaxes bíblicos.	30
4.2. Descubrir que cada persoa neste mundo ten calidades distintas e entre todos podemos axudarnos e completarnos, demostrando o sentido do amor ao próximo.	Táboa de indicadores	Entende que é parte dunha familia que é amada por Xesús e analiza como pode axudar á mesma: obedecendo, colaborando e dando amor.	35
5.3. Recoñecer a familia de Xesús: a igrexa, identificando as características cristiás.	Táboa de indicadores	Examina nos evanxeos pasaxes que falan da oportunidade de formar parte da familia da fe.	35

Contidos
Feitos e personaxes do Novo Testamento que falan do plan salvador de Deus.
Os discípulos de Xesús onte e hoxe.
Xesús, o noso exemplo na vida cristiá, axudándonos a tomar boas decisións.
Todas as persoas son importantes para Deus e El ten un plan para cada unha delas.
Amar a Deus implica amar ás persoas.
Gozo do amor de Deus cos amigos.
Exemplos de persoas que mostraron amor ao próximo.
Xesús ensíname a axudar a outros como El fixo, mostrando respecto, xenerosidade, amabilidade, ...
Os discípulos eran amigos de Xesús.
Pentecostés, a vinda do Espírito Santo.
A vida dos primeiros cristiás.
Son parte da familia de Xesús: a Igrexa.
Deus quere que todo tipo de persoas sexan parte do seu Pobo.

## Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
4	O valor de perdoar	5

## Critérios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
6.2. Descubrir a través do texto bíblico como viviron diversas persoas, analizando as súas actitudes e valores e expresándoos a través de diversas linguaxes.	Táboa de indicadores	Discrimina actitudes e valores que se desprenden dos textos bíblicos propostos, argumentando a súa posición persoal respecto dos comportamentos, valores e actitudes manifestados polos distintos personaxes bíblicos.	100

Contidos
As familias dos patriarcas.
Aprendendo a confiar en Deus.
Xosé e os seus irmáns.
A importancia do perdón na vida.
Deus me creou e me puxo nunha familia.
Todas as persoas son importantes para Deus e El ten un plan para cada unha delas.
Día da familia.

## **4. Metodoloxía:**

### **4.1. Concrecións metodolóxicas.**

Teranse en conta os seguintes principios básicos:

1. Proporcionar unha atención individualizada, partindo do nivel do alumno/a, das posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle permiten coa certeza de que van mellorar.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativos. Partindo de situacións reais e cercanas ao alumnado, que poidan construír sobre a base do que xa coñecen, reelaborando a súa experiencia, aplicando o que van aprendendo e desenvolvendo as súas competencias.
3. Posibilitar a aprendizaxe dos alumnos/as por sí mesmos, que o alumno/a sexa capaz de aprender a aprender.
4. Partir do máis concreto para chegar ó máis abstracto.
5. Crear climas emocionais positivos que faciliten o aprendizaxe e a seguridade dos alumnos, amosándolles respecto e interese polas súas necesidades e favorecendo o traballo colaborativo.
6. A participación activa do alumno en todo momento.
7. Fomentar a curiosidade e creatividade dos alumnos a través de xogos, experiencias, dramatizacións, manualidades...

### **4.2. Materiais e recursos didácticos.**

- Música e cancións.
- Axudas visuais.
- Medios audiovisuais (Vídeo, proxector, pizarra dixital, tablet, beebot, aula virtual...).
- Apps: A Biblia dos nenos e SuperLibro.
- Libros de consulta: Biblia Infantil, Concordancias, Dicionarios Bíblicos, libros de historias bíblicas...
- Materiais varios de manualidades (tesoiras, lapis de cores, témperas, pegamento, cola, plastilina, cartolina, folios de cores...).
- Materiais de reciclaxe (revistas, periódicos, follas, tecidos...)
- O libro de texto que empregarán os alumnos será a Biblia, que asimismo servirá de guía ó mestre.
- Empregaranse ademais os materiais adecuados para o desenvolvemento de cada unha das Unidades Didácticas: xogos, atrezzo, ...

## **5. Avaliación:**

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial.**

Iniciaremos o curso cunha avaliación inicial a través de xogos de repaso que nos permitan comprobar que podemos continuar avanzando cos obxectivos propostos.

De ser necesario levaranse a cabo actividades de reforzo para aqueles alumnos que o precisen, non avanzando na materia ata ter interiorizada a aprendizaxe anterior.

Os alumnos serán coñecedores do proceso de avaliación e dos seus resultados para poder contribuir ao seu desenvolvemento personal, espiritual e social.

### **5.2. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación.**

En canto aos criterios de cualificación, a nota da avaliación quedará determinada polos resultados obtidos na avaliación das unidades didácticas tendo en conta os criterios de avaliación, sendo necesario superar o 50% dos mesmos para a cualificación de aprobado.

A resposta actitudinal do alumno dacordo coa ética cristiá é totalmente libre e ninguén (excepto Deus) pode avaliála. Polo tanto, que un alumno non asuma voluntariamente unha actitude cristiá e bíblica ante un asunto particular en ningún caso poderá supoñer a cualificación de non apto.

## **6. Medidas de atención á diversidade.**

- Adaptar as tarefas de ensinanza-aprendizaxe sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, exemplos e demostracións que poidan ver ou experimentar.
- Programar tarefas con distintos niveis de dificultade e axustadas as súas necesidades: tarefas de ampliación, de reforzo ou consolidación.
- Prestar a atención que cada un precise para o seu benestar e desenvolvemento persoal de xeito que consolide significativa e funcionalmente o seu aprendizaxe.
- Usar materiais distintos e variados para que tódolos alumnos e alumnas poidan implicarse segundo as súas posibilidades e o dominio que teñan das distintas formas de expresión.
- Se é posible polo número de alumnado traballar por equipos de xeito cooperativo.
- Igualmente flexibilizar tempos, materiais, procedementos e instrumentos para a avaliación.

## 7. Transversal:

### 7.1. Concreción dos elementos transversais.

A través desta materia potenciaranse aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a cooperación, a resolución de conflitos e o sentido crítico; e fomentárase o desenvolvemento dos valores cristiáns que promovan o amor, o respecto, a cooperación, a igualdade, a liberdade, a xustiza e a paz.

Ademais aproveitaremos os días que o centro adique especialmente o traballo dalgún tema transversal (Día contra a violencia de xénero, Día da Paz, Día da saúde, Día da muller, Día do Medio Ambiente...) para colaborar dende o ámbito desta área nas actividades programadas aportando o enfoque bíblico a cada un deles.

### 7.2. Actividades complementarias.

Non hai prevista ningunha actividade extraescolar relacionada coa materia de relixión para este curso.

En canto as actividades complementarias participaremos no desenvolvemento do PDI do centro sobre o humor.

## 8. Práctica docente:

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

INDICADORES DE LOGRO	
<b>PROGRAMACIÓN:</b>	Respetouse a secuenciación e temporalización previstas. Os alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos. Valoráronse as posibles melloras das unidades didácticas.
<b>PLANIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE:</b>	As medidas e recursos ofrecidos foron adecuados á diversidade do alumnado. Hai variedade de actividades propostas e son adecuadas para o desenvolvemento das competencias clave.
<b>AVALIACIÓN:</b>	Adaptouse o proceso de ensinanza e aprendizaxe as necesidades e intereses do grupo. Utilizáronse diversos instrumentos de avaliación. O alumnado e as familias son coñecedores dos avances logrados no desenvolvemento de competencias.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.**

A reflexión e valoración da programación e o seu desenvolvemento, permitirá o seu axuste co fin de establecer estratexias para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e o seu resultado.

A avaliación levarase a cabo ó rematar cada unidade e/ou cada trimestre, recollendo as modificacións e melloras que se consideren oportunas, para incluír na programación do curso seguinte.